

ESTRUCTURA MÍNIMA DUN COMENTARIO DE TEXTO

Os diferentes apartados desenvolveranse en parágrafos independentes.

1. **Introdución** (presentación do documento: título, autor, cronoloxía,...) Exemplo: O texto presentado para comentar é un fragmento/artigo...

2. Descrición breve pero precisa da **idea principal e secundarias** se as hai. Exemplo: a idea principal do documento é ...

3. **Contexto**: trátase de situar o documento no seu período histórico (feito hco. ou proceso). Exemplo: O contexto deste documento sitúase no século...durante o goberno de...

4. **Comentario**: debes desenvolver con rigor e precisión o tema tratado: precedentes ou causas, características e consecuencias de todo tipo.

É necesario introducir citas textuais do documento ou referencias precisas á liña concreta, porque non se trata de reproducir só contidos teóricos memorizados senón que debes dialogar co documento. Recomendase un mínimo de 3 citas textuais ou referencias ás liñas concretas. Exemplo: cando esplicades unha idea (argumentades), colocades unha coma e usades fórmulas do estilo “como se afirma na liña ... do texto...” ou facedes a cita entrevírgulas.

5. **Síntese e conclusións**: breve repaso das características e consecuencias do tema exposto. Exemplos:

- En síntese, a Restauración foi un período no que a oligarquía dominou as dinámicas políticas...
- En síntese, as consecuencias deste proceso (indicar cal) deron lugar a formación, instauración de...